



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE SETEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/748/2008.- Construcciones Ruafer S.A..- Edificio de 48 vivendas no quintoiro ER-3 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/616/2008.- Construcciones Ruafer S.A..- Edificio de 32 vivendas no quintoiro ER-8 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/623/2008.- Construcciones Ruafer S.A..- Edificio de 64 vivendas na parcela nº 5 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/621/2008.- Construcciones Ruafer S.A..- Edificio de 64 vivendas na parcela nº 4 do SUNP-14 de Tras Paxonal.

Lic/1862/2008.- Manuel Lopez Doce.- Construcción de vivienda unifamiliar en Agra de Abaixo, Aríns.

Lic/350/2008.- Juan Garcia Limes.- Rehabilitación e apertura dunha casa de turismo rural na Rúa Cima da Eira nº 2.

SUBSANACIÓN DE ERROS MATERIAIS.-

Lic/1938/2008.- Subsanación do acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de maio de 2.010, polo que se concede licenza de parcelación urbanística a D. Jose Sismonde Gonzalez.

Lic/2038/2009.- Subsanación do acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de agosto de 2.010, polo que se concede licenza á entidade Yagocasa S.L. para construcción de 22 viviendas unifamiliares na parcela R.1.1 do SUNP-25.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

Nº EXP.	INTERESADO	LICENZA	IMPORTE
1690/10	Construlart Union	LIC/542/2006	3.000 €
1695/10	Restollal S.A.	LIC/6/2006	3.000 €
1787/10	Jose A. Liñares Martinez	LIC/1908/2002	2.662 €
1802/10	Magdalena Maroño Mosquera	LIC/2268/2003	2.164 €
1204/10	Inducentro S.L.	LIC/1452/2006	12.000 €
1868/10	Domingo Rozas Ramos	LIC/751/2001	336.000 ptas
1826/10	Inmobiliaria Paxonal S.L.	LIC/1650/2007	4.000 €
1827/10	Inmobiliaria Paxonal S.L.	LIC/203/2007	1.500 €
1911/10	Malga S.L.	LIC/1088/2006	3.000 €
1874/10	Valiño 339-340 S.L.	LIC/356/2006	6.000 €

OCIHR

LICENZAS

MODIFICACIÓN LICENZA.-

Lic/1728/2006.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Modificación da licenza concedida pola Xunta de governo Local do 22.01.07 para restauración da Igrexa das Ánimas.

3.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 6.534 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase a solicitude do pagamento dunha axuda do programa de mantemento de eficios da Cidade Histórica a unha comunidade de propietarios por importe de 597,28 euros; dúas axudas para elementos especiais de madeira da Cidade Histórica por importe de 20.651,78; apróbase a axuda para honorarios facultativos pola redacción do informe sobre o estado de conservación do edificio e o plan de mantemento por importe de 669,15 euros; e apróbase definitivamente unha subvención para unha vivenda por importe de 7.141,43 euros.

5.-Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación provisional das obras de acondicionamento dos accesos ao parque de Vista Alegre.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JARDINERÍA ARCE SL por importe de 93.511,19 euros (IVE incluído).

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación da incoación do expediente de contratación e autorización do gasto das obras de remodelación da área de xogos infantís de Belvís.

Apróbase o proxecto do prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 101.153,04 euros (ive incluído).

7.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación da incoación do expediente de contratación e autorización do gasto do subministro e instalación de equipamento para a creación dun circuito biosaudable no barrio de Fontiñas.

Apróbase o orzamento redactado polo encargado do departamento municipal de parques e xardíns e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 68.052,96 (ive incluído).

8.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación da redacción dos proxectos de obra, memorias valoradas e a dirección de obra, para reformas de diversos centros socioculturais.

Apróbase a redacción dos proxectos de reforma e acondicionamento dos centros socioculturais de Bando, Busto e Nemenzo, e Marrozos; e memorias valoradas para obras de acondicionamento dos centros socioculturais de Enfesta, San Xulián de Carballal, A Trisca e Villestro, adxudicada á empresa ATRIO ARQUITECTURA E URBANISMO SC por importe de 21.220,71 (IVE incluído).

9.- Proposta da concelleira delegada de Cultura, relativa á aprobación da redacción do proxecto básico e de execución, estudio básico de seguridade e saúde e coordinación de seguridade e saúde e dirección facultativa, para a reparación de diversas cubertas no Auditorio de Galicia.

Adxudícase a prestación do servizo de referencia á empresa EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA SLP por importe de 21.211,16 euros (IVE incluído).

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes, relativa á aprobación da incoación do expediente de contratación e autorización do gasto das obras de construcción dun campo de fútbol en San Lázaro (Zona Sergas).

Apróbase o proxecto con utilización do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 340.000 euros (ive incluído).

11.- Convalidación da aprobación do proxecto modificado de Rehabilitación de aparcamiento público en Salgueiriños de Abaixo e do gasto correspondente.

Apróbase o proxecto modificado das obras de rehabilitación do aparcamento público en Salgueiriños de Abaixo e o gasto inherente ao mesmo, que ascende á cantidade de 64.335,87 euros, ive incluído.

12.- Renovación do nomeamento de persoal interino que presta servizos na oficina de rehabilitación.

Renóvase o nomeamento de catro traballadores da oficina de rehabilitación ata decembro de 2010.

13.- Resolución da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (Segundo ciclo) e primaria obligatoria.

Resólvese a convocatoria que conta cun importe de 70.000 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbase a fixación de condicións para a contratación do préstamo orzamentario 2010 por importe de 4.135.000 euros.

2.- Apróbase o patrocinio do Mercado Atlántico de Creación Contemporánea por importe de 35.000 euros.